

TORRES DE OESTE: CERÁMICA INDÍXENA E ROMANA NAS EXCAVACIÓNS DOS ANOS 70

Por M^a Pilar FERNÁNDEZ PINTOS

Abstract: With this paper we want to show some pottery materials appeared in Torres de Oeste (Catoira), during the excavations which took place there between 1970-73, executed by prof. Balil and his group from the University of Santiago de Compostela. Those materials have remained un-published since there. Being based on them, we pretend to take out their main characteristics and try to define such an important site which, as we believe, had an outstanding role in the maritime trade during the Ancient Age.

Keywords: Ancient Pottery; Roman World; Trade; Ría de Arousa.

Este traballo forma parte da nosa Memoria de Licenciatura, lida en xullo do 1997 na facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e alí depositada, á cal nos remitimos para as aclaracións necesarias ou completa-la información que, por cuestións de formato e espacio, non podemos incluír aquí.

A nosa intención co presente artigo é tan só a de sacar á luz uns materiais inéditos que poidan amplía-lo coñecemento sobre a etapa antiga do xacemento das Torres de Oeste, á espera do día —desexado por moitos— en que se publiquen un estudo completo dun asentamento moi relevante en diversos aspectos para esta etapa.

LOCALIZACIÓN DO XACEMENTO

Santa Baía de Oeste, Catoira. Pontevedra.
Folla nº 120 (Padrón) Mapa 1/50000
Coordenadas: 42º40'39» N
8º43'26» W

CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO

As Torres de Oeste ubícanse na desembocadura do río Ulla, no nacemento da ría de Arousa, emprazadas nun macizo rochoso que forma unha especie de pequena península, máis ben un saínte, e que supón o lugar máis estreito para o cruce do río en toda esta zona.

INTERVENCIONS ARQUEOLÓXICAS

O xacemento situado en Torres é moi coñecido, sobre todo pola importancia acadada en época medieval, da que aínda se deixan ver parte dos seus restos. Sen embargo, da época antiga non existen vestixios arquitectónicos visibles. As tentativas de buscalos parecen non dar froito seguro:

- 1949: Chamoso Lamas (CHAMOSO, 1951) propónse atopar as orixes romanas, interpretando deste xeito a «quinta torre», por estar construída con «grandes sillares», e a Torre de Lugo, tamén polo aparello constructivo e o material aparecido.
- 1970-73: O profesor Balil (BALIL, 1970 e 1973) e o seu equipo da U.S.C tampouco parecen atopar restos —ó menos seguros— de construción romanas, desbotando, iso sí, a idea da posible orixe antiga da Torre de Lugo. Finalmente, tamén conclúe a ocupación romana baseándose nos materiais aparecidos.
- 1989: Juan Naveiro, na intervención deste ano, parece se-lo único en ter localizadas posibles estruturas antigas, como o explica na memoria daquela campaña, hoxe inédita. Sen embargo, tamén aquí a maior parte do material aparece en niveis de revolto.

Contrastando con este panorama, atopámonos que o material romano —cerámico ou non— aparece dende as primeiras exploracións:

- anos centrais da década dos 40: na consolidación do conxunto dirixida por L. Menéndez Pidal aparecen dúas aras, unha delas adicada ós Lares Vialis (I.R.G., 1955; 25 e 59).
- 1949: Chamoso Lamas, nas catas realizadas no recinto exterior —ou así o supoñemos— fala da aparición de cerámica romana, sendo a terra sigillata a única que menciona de maneira concreta.
- 1970-73: con Balil documéntase a aparición de cerámica romana, ó menos ánfora¹ e Terra Sigillata xunto coa de cerámica «galaico-romana».
- 1989: nas excavacións dirixidas por J. Naveiro o material cerámico é abundante, e xa non só romano senón tamén indíxena —ou castrexo—, como xa foi reseñado por nós no seu día².

O ASENTAMENTO E A CRONOLOXÍA

As propostas son diversas, aínda así, tódolos autores aceptan a existencia dunha etapa romana no asentamento, etapa que tería uns inicios temperás (aínda que non coincidan coa Turris Augusti de Pomponio Mela, sí terían un ini-

¹ Unha boa parte estudada por J. Naveiro na súa Memoria de Licenciatura (NAVEIRO, 1986: pp.14-21 do Catálogo).

² LÓPEZ PÉREZ, C., 1996; FERNÁNDEZ PINTOS, P., 1996 (os dous son Traballos de Investigación de 3º Ciclo, inéditos).

cio temporal semellante, segundo se deixa entrever nas referencias de quen interviron dalgunha maneira no xacemento). Sen embargo, ningún parecía postularse sobre unha orixe anterior ó mundo romano, se deixamos a un lado as hipóteses de varios autores, sobre todo do século XIX, sobre a súa orixe fenicia (RODRÍGUEZ y RODRÍGUEZ, 1888, ou MURGUÍA, 1866). Ese panorama segue así ata que, tras a intervención de 1989, Juan Naveiro propón non só unha cronoloxía máis temperá (baseándose sobre todo nunha primeira análise dos materiais atopados nesa campaña), senón tamén un primeiro modelo de asentamento, dato que ata aquel momento non parecía ter preocupado en demasía aínda que, por outra banda, debemos recoñecer que as escasas evidencias arquitectónicas obtidas e as intensas remocións que sufrira o terreno, non animaban moito a dar ese paso de definir qué tipo de asentamento fora orixinalmente a poderosa fortaleza de tempos de Gelmírez.

Temos así que, a partir desta ata o de agora última intervención no monumento, empezan a barallarse posicións novedosas: Naveiro propón unha primeira reconstrucción do castro costeiro que formaría o núcleo inicial dun asentamento que logo se expandiría por unha parte ó menos do espacio que aínda hoxe ocupan as Torres³, e maniféstase en favor dunha cronoloxía que iría cando menos entre a primeira metade do século I a.C. e o século V d.C. (NAVEIRO, 1989) para un asentamento que tivo que xogar un papel substancial no tráfico e comercio marítimo da zona, dada a súa posición clave como baluarte no eixo de comunicación formado pola ría de Arousa e a vía fluvial de penetración que é o Ulla ata Pontecesures e, por tanto, cara as terras do interior galaico.

A mostra cerámica sobre a que se fixo o estudio que, dun xeito resumido, presentamos hoxe, proporcionaranos datos que afondan nestas ideas arriba expostas.

CARACTERÍSTICAS DA MOSTRA

O estudio foi realizado sobre os materiais procedentes das excavacións dirixidas polo profesor Balil e o seu equipo, e desenroladas en catro campañas, entre os anos 1970 a 1973, depositados estes no Museo de Pontevedra⁴. Se ben unha boa parte dos materiais aparecían siglados, existe unha considerable cantidade que non posuía ningún tipo de tratamento documental, co cal en moitos casos non se puido precisa-lo ano concreto de campaña, nen, por suposto, a súa localización no xacemento. Consideradas estas cuestións, optamos por tratalos de forma conxunta⁵, sen poder facer diferenciacións por anos e campañas.

³ Reconstrucción e proposta que tanto nós coma a nosa compañeira recollíamos nos ditos *Traballos de Investigación* (ver nota anterior).

⁴ Aproveitamos para recoñecer-las facilidades que nos prestou dito Museo, así coma as indicacións do responsable de Arqueoloxía, A. de la Peña Santos. A todos eles, facer pública a nosa gratitude.

⁵ Influíu determinantemente nesta decisión o feito engadido de non posuír información suficiente sobre cada unha das campañas, das que só se publicaron as memorias preliminares correspondentes ós anos 1970 e 1973.

Axudados polas memorias preliminares publicadas e as noticias prestadas polo profesor Fernando Acuña (membro do equipo que realizou as excavacións) e por Juan Naveiro, tentamos situar as áreas de actuación das ditas campañas, e as características de cada unha delas se se dese o caso. Así, acabamos por determinar tres zonas de actuación durante eses anos, correspondentes á Capela, Torre de Lugo, e unha «área marxinal» que interpretamos situada no que logo se denominou Sector F (situado na área intermedia entre as dúas anteriores), e diferenciando os seguintes estratos en cada unha delas (tirados maioritariamente da última campaña, a do ano 1973):

- Torre de Lugo: excávase tanto no interior coma na parte externa. Durante o ano 70 diferéncianse no interior dous estratos, o primeiro moi rico en cerámicas grises, medievais, e o segundo formado por un concheiro. Do ano 73 e para a zona interna temos referencias máis ben a estruturas. É bastante probable que desta área procedan boa parte dos fragmentos anfóricos aparecidos. Neste mesmo lugar, pero cara o muro que pecharía todo o recinto, na parte baixa dun muro saído á luz, aparecen moi frecuentemente fragmentos de tégula e ánforas, aínda que se precisa que bastante rodados.
- Capela: dos dous estratos que aquí se diferencian, o primeiro é medieval, mentras que o segundo parece o de cimentación da construción medieval, xunto con revoltos antigos; así, aparecen pequenos fragmentos de Terra Sigillata, algúns de cerámica gris feita a man, e outra roxiza, xunto cunha praquiña de bronce adornada cun entrelazo.
- «Área marxinal»: distínguense aquí tres niveis, correspondendo o primeiro cun nivel de revolto, no que aparecen cerámicas de distintas épocas, dende romanas a modernas, aínda que o predominio é das medievais. A segunda capa, de terra compacta, parece non ter sido alterada, e nela localízanse só anacos de cerámica medieval. O último nivel está asentado sobre a rocha, e nel aparece abundante material, case todo o nomeado é romano: tégulas, cerámica roxa e galaicorromana e algúns fragmentos decorados. Parece esta por tanto a zona máis coherente e interesante para o noso estudio⁶, sen embargo, non nos foi posible situar esta área de maneira totalmente segura. De tódolos xeitos, o problema máis acuciante foi o de non poder discernir na maior parte dos casos qué materiais pertencían a esta zona daqueles que non.

Vemos, por tanto, que en ningunha das zonas intervidas se puido localizar resto de construcións antigas —en boa parte debido ás intensas remocións que sufríu o xacemento en época medieval, que chegaron en moitos casos ata a rocha nai—, mentras, no que respecta ós niveis de ocupación, tampouco aparece ningún claro aínda que o que presenta maiores posibilidades é, sen dúbida,

⁶ No citado informe que J. Naveiro realiza despois da campaña de 1989 (NAVEIRO, 1989), e que hoxe permanece inédito, figura un plano de distribución das catas localizadas de excavacións anteriores, ó cal nos remitimos (fig. 4, op. cit.).

ese sector «marxinal» que detalla Balil, o cal, quizais e precisamente por ese rasgo non sufrise tan profundamente os cambios medievais.

Así, e considerando tódalas posibilidades, rematamos por decidir que a inclusión dos datos referentes á localización dos materiais no xacemento non tiña razón de ser, e iso por varias circunstancias: non existían niveis claramente «in situ», e era probable que non houbera ningún; por outro lado, aínda que así fose, os nosos coñecementos sobre tales niveis eran ben escasos e moi parciais —só contabamos con aqueles publicados nas dúas memorias—, co cal os resultados deles obtidos non poderían ter moita relevancia, e, finalmente, a razón máis poderosa, se cabe, foi o feito de que non tódolos materiais estudados aparecían siglados e/ou coa referencia á súa ubicación dentro do xacemento, condición que facía estéril calquera tentativa de estudia-la análise espacial dos fragmentos. Desbotamos, pois, tal iniciativa.

Unha vez seleccionado-los fragmentos que nos interesaban de tódolos demais materiais cronolóxicamente posteriores, fixémonos coa mostra a estudar, composta por un total de 458 pezas; aclaramos, sen embargo, que no cómputo total dos fragmentos correspondentes ás campañas 70-73, están incluídos aqueles estudados no seu día por J. Naveiro, para a súa Memoria de licenciatura, (en número de 49) a fin de contar coa maior fiabilidade dos datos posible, pero que non foran incluídos no noso catálogo por parecernos totalmente improcedente e innecesario.

Como é normal en toda a nosa área, as pezas aparecen en boa parte dos casos bastante fragmentadas, aínda que o rodamento non foi excesivo (ou case nulo) nunha considerable parte dos mesmos. Polo que respecta ós materiais de uso doméstico, seleccionamos só aqueles que consideramos seguros, se ben é certo que en poucos casos nos ofreceron problemas.

ANÁLISE DO CONXUNTO: PEZAS SIGNIFICATIVAS.

Sinalaremos aquí as características comúns que puideron tirarse do estudio ceramolóxico en varios dos seus aspectos, ó tempo que destacamos un pequeno mostrario de pezas que nos pareceron significativas.

Dos 458 fragmentos estudados, tiramos as seguintes porcentaxes:

- Cerámica indíxena: 30 %
- Cerámica común romana: 5 %
- Terra Sigillata: 2 %
- Ánforas: 63 %

—A) Cerámica común

Cerámica indíxena:

- Cociña/almacenaxe: 115 fragmentos
- Servicio de mesa: 16 fragmentos
- Indeterminadas: 6 fragmentos

Cerámica común romana:

—Cociña/almacenaxe: 4 fragmentos

—Servicio de mesa: 18 fragmentos

As principais características das cerámicas de ámbito doméstico presentan un panorama bastante homoxéneo, sobre todo se nos atemos ó grupo clasificado coma cerámica indíxena. Nel, as pastas son moi semellantes: en xeral de dureza e compacidade apreciables, normalmente porosas e con cores nas que predominan os pardos e acastañados, con predominio de materiais non plásticos de tipo granítico⁷, en tamaños polo normal medios. En canto ás coccións, predominan igualmente as cores tirando a claras: castaño-pardas, alaranxadas e ocre, fronte á escaseza acusada das tonalidades moi escuras, coma as grises ou negras, o que en principio nos estaría indicando unha preeminencia das atmósferas de cocción neutras ou oxidantes.

No que respecta ós acabados, domina amplamente o tratamento bruñido, sendo usual que os recipientes presenten superficies coidadas, en maior ou menor grao (poden ser afinados ou ben alisados toscos, pero o que é raro é atopar pezas sen ningún tipo de corrección das superficies). Un dato que tamén queremos destacar é o feito da dificultade que supón o discernir na menaxe de cociña entre os recipientes indíxenas e os romanos, xa que apenas aparecen cambios sustanciais⁸ e máis ben semella que é neste campo onde a tradición indíxena se mantén sen rupturas bruscas (as morfoloxías, os acabados, os tipos de pastas, etc. seguen sendo practicamente os mesmos).

As características expostas ata este momento correspóndense ante todo co grupo denominado coma cerámica indíxena, mentras que as innovacións romanas se deixan ver nun pequeno conxunto de pezas, destinadas maiormente a funcións de mesa e onde as coloracións soen ser nítidamente máis claras (tonalidades ocre, amarelentas e roxizas ou alaranxadas son predominantes), e as pastas empregadas preséntanse máis depuradas e con arxilas máis finas. Nos acabados destaca sobre todo a introducción do engobado en roxo (imitación do orixinal e así denominado engobe roxo pompeiano), mentras que nas morfoloxías o máis salientable sería a presenza moito máis asidua de recipientes abertos, tipo fonte, cunco ou prato, esbeltas xarras co xa mentado engobe roxo no exterior e pequenos adminículos, de funcionalidade incerta, quizais para usos menos «domésticos».

⁷ Esta presenza de materiais de tipo granítico é un feito habitual para as cerámicas locais en toda a ría de Arousa, algo razoable se pensamos en que, por un lado, as pastas empregadas debían provir do entorno cercano ó asentamento, e, por outro, que a litoloxía da zona ven marcada pola constante presenza do granito (RODRÍGUEZ MARTÍNEZ-CONDE, 1982: pp. 28).

⁸ O emprego do torno rápido podería ser un dos elementos de diferenciación, pero o seu uso non sempre pode atestiguarse de maneira segura, máis tendo en conta que en boa parte das olas aparecen correccións manuais e que o bruñido pode enmascarar en moitos casos tal dato. Recoñecer ademais que a circunstancia de non contar con recipientes completos supón tamén un importante obstáculo.

—B) Ánforas

- Haltern 70: 226 fragmentos
- Dressel 1: 22 fragmentos
- Dressel 14: 8 fragmentos
- Beltrán I/II: 23 fragmentos
- Indeterminadas: 10 fragmentos

Se nos fixamos agora nos grupos de produción estandarizada, todos eles de importación, vemos que o mariotario sen nengún xénero de dúbidas é este das ánforas, recipientes adicados en principio ó transporte en barco pero que en moitos casos se empregaban, xa en terra, como contedores das sustancias almacenadas no asentamento. Entre as distintas tipoloxías, a máis abundante é a Haltern 70 (supón o 78% de tódolos recipientes anfóricos documentados⁹), cuns resultados moi semellantes ós que se propoñen para o conxunto do Noroeste (NAVEIRO, 1991: pp. 66-67), seguida xa a moita distancia das Beltrán I ou II¹⁰ (8 %), Dressel 1 (7,6 %) e Dressel 14-Beltrán IV (2,8 % sobre o total), mentras que o 3,6 % restante se corresponde con fragmentos indeterminados. Debido precisamente á estandarización na súa produción, e ós estudos sobre elas realizados, podemos tirar das mesmas o tipo de sustancias transportadas e unha cronoloxía relativa; deste xeito, temos que a Torres de Oeste chegaba ante todo viño (transportado nas itálicas Dressel 1 e nas hispánicas Haltern 70), mentras que as salgazóns e produtos derivados do peixe, traídos nas tamén béticas Beltrán I/II e a lusitana Dressel 14, son moito menos abundantes, a vulgar polos restos deixados.

Cronolóxicamente, preséntannos un panorama de intensa actividade marítima relativamente ben definido que, de maneira xenérica, abarcaría un período entre o século I a.C. e o século III d.C., aínda que de xeito concreto mostra un momento de máximo auge entre finais do século I a.C. e o século I d.C. (Dr. 1 e Halt. 70), o cal tería continuación, de forma moito máis pausada, no século II (Belt. I/II sobre todo) e que chegaría xa moito menos intensamente ó século III d.C. (ata finais desa centuria propónse a circulación das Beltrán IV-Dr. 14); un panorama que, por outro lado, tamén nos revela o feito dun cambio nos produtos: a etapa de máximo auge coincide coa importación do viño, produto que parece ser substituído polas salgazóns, pese a que estas non foran a ter nunca a relevancia nos intercambios que supuxo aquela bebida.

—C) Terra Sigillata

- T.S.I.: 1 fragmento
- T.S.H.: 8 fragmentos
- T.S.H.T.: 1 fragmento

⁹ As porcentaxes e tódalas cantidades que aparecen aquí corresponden ás campañas 1970-73; os datos pertencentes á campaña de 1989, en LÓPEZ PÉREZ, 1996; para os resultados de conxunto das dúas tandas de intervencións, remitímonos á nosa Memoria de Licenciatura, xa citada.

¹⁰ Por contar só con fragmentos escasos en xeral e sendo os tipos de pasta de ambas moi semellantes, non somos quen de diferencialas en tódolos casos, feito que para os nosos resultados non afecta apenas, xa que o contido e cronoloxía son iguais para ámbolos tipos.

O outro produto importado foi a cerámica de luxo, do que a máis relevante no noso conxunto (e case a única) é a Terra Sigillata a cal, no caso dos centros costeiros, soe asociarse ó tráfico marítimo como acompañante do produto primordial que era o contido nos recipientes anfóricos¹¹. Aínda que a representación é mínima, revela un conxunto heteroxéneo en procedencias e cronoloxía; así, a peza máis antiga, unha posible Goudineau 27 itálica, levaríanos —sempre falando de maneira xenérica— á segunda metade do século I a.C., mentras que a máis tardía deste grupo, representada por unha forma Hayes 50 de sigillata Clara (african red slip ware), nos leva ata a segunda metade do século III-primeiro cuarto do IV d.C. De tódolos xeitos, o grupo máis amplamente representado é o procedente dos talleres hispánicos (ó noroeste chegan basicamente os produtos dos centros rioxanos de *Tritium Magallum*), do cal puidemos identificar tan só algunha forma Drag. 15/17, a máis común entre as lisas, mentras que non localizamos nengunha mostra decorada¹². Todas estas pezas, polas calidades de pasta e verníz, insertaríanse na etapa altoimperial, entendendo que a falta de niveis arqueolóxicos con que relacionalas e o elevado grao de fragmentación presentado que, como acabamos de ver, impide a identificación de formas, non nos permiten propoñer cronoloxías máis concretas para elas, deixándoas polo tanto encuadradas entre mediados do século I d.C. e finais do século II ou inicios do III d.C. como datacións xenéricas.

D) Outros

Mencionamos finalmente o único exemplar que localizamos destes anos pertencente a outro grupo de produción de cerámica fina, que tamén entra nas importacións: os fragmentos dun recipiente pertencente ó que se deu en denominar globalmente «cerámica pintada rexional», e que no noso caso se insertaría dentro das manufacturas da área bracarense, atendendo ás súas características de fábrica, se ben non podemos adxudicarlle unha forma concreta. Trátase dun conxunto que se soe datar na segunda metade da primeira centuria da nosa era e que pode chegar incluso á primeira metade da seguinte. Temos así un produto que, se ben en diversas ocasións, ó igual que nas sigillatas, está asociado tamén ó tráfico marítimo, caso de varios asentamentos costeiros das Rías Baixas e da zona norte (NAVEIRO, 1991, mapa de distribución 17), soe ter igualmente unha presenza notable en zonas do interior galaico (NAVEIRO, op. cit.; ALCORTA, 1997: pp. 353 e ss.), o cal podería indicar a súa asociación a rutas terrestres. Nembargantes, a importancia que supón o tráfico comercial marítimo en Torres fai que nos inclinemos en favor da

¹¹ Isto é así sobre todo para as pezas de fóra da península, xa que no caso das hispánicas a forma máis normal de distribución será a través das vías terrestres. Sen embargo, e dado o escaso número de fragmentos atopados e o feito da importancia do tráfico marítimo que experimenta o asentamento de Torres, non sería nada raro que viñesen acompañando ás ánforas.

¹² Sí apareceron na campaña de 1989, tal como se reflexa en LÓPEZ PÉREZ, op. cit.

vía marítima para a súa penetración nesta zona, aínda que sen desbota-la outra alternativa¹³.

CONCLUSIÓNS

De todo o exposto ata aquí, podemos ir delimitando varias ideas sobre o xacemento:

- O tipo de asentamento que nos están apuntando os materiais cerámicos é un hábitat (a presenza da cerámica doméstica, un 35 % en total, así nolo suxire) con marcados rasgos indíxenas, xa que a meirande parte desa produción se corresponde con tales características¹⁴. Sen embargo, presenta unha marcada vocación comercial (o grupo maioritario é o das ánforas¹⁵) a cal ven dada ademais polo seu emprazamento estratéxico, facendo de nexo de unión entre unha ría, a de Arousa, fácilmente navegable e surcada dende ben cedo por diversos pobos¹⁶ ó longo da Historia e un río, o Ulla, que funciona coma vía de penetración natural cara as terras do interior, pola súa navegabilidade ata a zona de Pontecesures. Non debemos esquecer a importancia que esta canle fluvial acadou primeiro en época romana, tendo coma motor a eclosión de Iria Flavia, á cal se lle concede o *ius latii* nos anos 70 d.C., e punto ademais no que se ubica a *mansio* que, co mesmo nome, figura como pertencente á vía XIX do Itinerario Antonino, relevancia que seguirá mantendo o Ulla e que se porá de novo en evidencia na Idade Media.
- Cronolóxicamente situaríase entre os anos anteriores ó cambio de Era e,

¹³ Deixando aparte posibles camiños secundarios (CAAMAÑO, 1979: pp. 281-285), polo territorio da ría de Arousa pasarían dúas das vías mencionadas no Itinerario Antonino, as denominadas vía XIX e vía XX ou *per loca marítima*, aínda que as traxectorias concretas, sobre todo a da última, seguen sendo obxecto de discusión na actualidade. O feito de que en Torres aparecera unha ara adicada ós Lares Viales podería ser un indicio do paso polo lugar do trazado da vía XX, e así o interpretan autores actuais (TRANOY, 1981: pp. 216-217; tamén mencionado o dato en NAVEIRO/CAAMAÑO, 1992: pp. 215), mentras que outros propoñen que tal vía só se faría realidade a partir de Iria cara o Norte (De la PEÑA, 1990-91: pp. 229 e fig. 18).

¹⁴ Xa mencionamos anteriormente a proposta de J. Naveiro sobre a posibilidade de que o xacemento fose orixinariamente un asentamento de tipo castrexo —concretamente, un castro costeiro—, idea que, a pesar dos escasos indicios cos que se conta, xa que non só as profundas remocións posteriores senón tamén os cambios no nivel mariño afectaron directa e intensamente a toda esta zona, segue sen parecer nos en absoluto fora de lóxica.

¹⁵ Aclaremos, nembargantes, que as porcentaxes entre a cerámica de transporte e a común practicamente se invirten se incluímos tamén os materiais do 89 (FERNÁNDEZ PINTOS, 1997).

¹⁶ Ánforas prerromanas, itálicas, cerámicas campanienses, etc. aparecen, aínda que non con gran abundancia, sí por toda a ría, tanto nos xacementos que a xalonan coma no seu fondo submarino, o que, unido a testemuños máis illados como pode se-lo do aryballos púnico do Neixón, do que se apunta unha cronoloxía cara o séc. V a.C., nos está indicando uns contactos e unha circulación marítima xa dende momentos temperás.

sobre todo, o século I d.C., aínda que —polas ánforas Beltrán I, II e IV) seguiría no século II/III d.C.¹⁷.

CATÁLOGO DOS MATERIAIS REPRODUCIDOS

1. Dim.: 6,6x10x1,1/0,4 cm. (corpo) e 2,6x1,6 cm. (asa). Diámetro interior boca: 13-14 cm. aprox. Fragmento de borde, colo e arranque de corpo dun recipiente pechado. Borde exvasado e labio engrosado, con colo estrangulado e corpo de forma globular. Pasta dura e compacta, granulosa e porosa, de cor gris escura; m.n.p. moi abundantes, de tamaño medio-grande e tipo granítico. Acabado bruñido nas dúas caras. Decorado con incisión de punzón romo —acanaladuras—, tanto no corpo (zig-zag ou triangulado) coma na asa —liñas que a recorren en lonxitudinal e transversal—. Abundantes marcas de queimado —fulixe— Realizada a man con cocción oxidante (fractura tipo sandwich, con núcleo escuro). Liña de fractura irregular e borde anguloso. Morfoloxía e pegadas de uso indícanos unha función na cociña indíxena.
2. Dim.: 8,2x6,7x0,5/0,4 cm. Diámetro interior boca: 9-11 cm. Fragmento de borde, corpo e asa completa dun recipiente pechado e decorado. Borde lixeiramente exvasado, con labio recto redondeado e corpo sinuoso. Pasta dura e compacta, porosa e granulosa, cor castaña-parduzca; m.n.p. abundantes, pequenos en xeral —hainos grandes— e tipo granítico. Acabado bruñido no exterior —agás na zona tapada pola asa— e no interior do borde. Na decoración, profusa, empréganse tres técnicas: incisión (liñas no corpo delimitando os motivos, e triángulos en zig-zag, ambos transversais); plástica (pezóns entre os triángulos e na parte superior da asa), e impresión (liñas en diagonal na asa e motivos estampillados de eses simples no corpo e eses simples enfrentadas ó longo de toda a asa). Realización manual, con cocción oxidante —exterior castaño claro—. Liña de fractura irregular e borde anguloso. Xarra indíxena, posiblemente para o servizo de mesa.
3. Dim.: 7,9x10,9x0,8/0,6 cm. (a), e 6,9x13,5x0,8/0,6 cm. (b). Diámetro de boca exterior: 20 cm., e interior: 15-16 cm. Dous fragmentos de borde, colo e inicio de corpo dun recipiente pechado. Borde exvasado, con colo estrangulado e corpo de forma globular. Pasta dura e compacta, porosa e granulosa, cor gris escura. Os m.n.p. son abundantes, pequeno-medios e de composición granítica. Acabado afinado. Realizada a man, cocida nun ambiente oxidante ou mixto —o exterior, gris-acastañado, é máis claro que a pasta, pero presenta gran cantidade de manchas negras—.

¹⁷ O cuadro cronolóxico proposto amplíase á luz dos materiais do 89, a tenor dos que habería que retrotraelo quizais ó século II a.C. (localízanse algúns fragmentos de ánfora púnica, tipo Dressel 18 e pequenos anacos de Campaniense B), e prolongalo ó menos ata o século IV d.C. (sigillatas tardías e ánforas lusitanas coma a Almagro 50 así o farían pensar).

Liña de fractura irregular e borde anguloso. Ola de cocíña indíxena. Como curiosidade, mencionar que a ola seguíuse empregando a pesar de ter roto, a xuzgar polo feito de ter sido grapada xusto debaixo do borde, quedando aínda restos metálicos nun dos buracos, como se aprecia no debuxo.

4. Dim.: 3,7x5,9x1/0,5 cm. Diámetro exterior boca: 25 cm. aprox. Fragmento de borde e arranque de corpo dun recipiente aberto. Borde engrosado e incurvado ó interior, con labio recto redondeado; corpo en oblícuo. Pasta dura, compacta e granulosa, de cor ocre acastañada. Os m.n.p. son abundantes, de tamaño medio en xeral e composición granítica. En todo o interior e o exterior o borde está tratado cunha capa de engobe roxo. Realizado a torno, con cocción oxidante. Liña de fractura irregular e borde anguloso. Prato ou fonte romano, a imitación dos de E.R.P.
5. (nº sigla: T072/798). Dim.: 4,3x3,8x0,6/0,5 cm. Diámetro interior boca: 5-6 cm. Fragmento de borde e corpo dun recipiente pechado. Borde lixeiramente exvasado e labio redondeado. Corpo de forma globular, de escasas dimensións. Pasta dura e compacta, non moi granulosa e lixeiramente porosa, de cor ocre-alaranxada; m.n.p. abundantes, pequeno-medios e de composición granítica, xunto con gránulos de arxila cocida. Acabado afinado tosco. Realizado a torno, con cocción oxidante —exteriores ocre—. Liña de fractura regular e borde anguloso. Dentro do mundo romano, probable servizo de mesa ou tocador.
6. (nº sigla: TO71-601, 615 e 616). Dim.: 6,4x4,7x0,7/0,35 cm. Tres fragmentos unidos de corpo, de sección cóncava. Pasta dura e compacta, pouco granulosa e non moi porosa, de cor beige claro; os m.n.p. son visibles, pequenos e de tipo granítico xunto con gránulos roxos de arxila cocida. Acabado exterior a base de aguada ou verníz de cor beige alaranxado, que lle aporta un brillo e unha suavidade salientables. Realizada a torno, con cocción oxidante. Liña de fractura bastante regular e borde anguloso. Inclúese dentro do grupo de cerámicas pintadas rexionais.
7. (nº sigla: TO73/2547). Dim.: 1,4x2,4x0,3/0,25 cm. Diámetro exterior: 9-11 cm. Fragmento da parte superior do corpo dunha T.S.I., forma Goudineau 27. Pasta blanda-semiblanda e compacta, de corte bastante nítido e cor beige rosado. Non se aprecian m.n.p. Engobe fino, que deixa trasver distintas tonalidades, de moi boa adherencia e cor roxo escuro.
8. Dim.: 5,2x3,2x0,5/0,2 cm. Diámetro impreciso. Fragmento de borde e corpo dunha T.S. Clara (African Red Slip Ware), forma Hayes 50. Pasta dura e compacta, de aspecto granuloso, con pequenas vacuolas e de cor laranxa viva. Os m.n.p. apenas son visibles, con algún pequeno fragmento granítico. Engobe non moi espeso nen homoxéneo, pouco adherente e mal conservado, de cor laranxa viva.
9. Dim.: 11,8x15x1,8/0,6 cm. Diámetro exterior boca: 16 cm. Fragmento de borde, colo e asa dunha ánfora bética, forma Haltern 70. Asa de sección ovalada con estría central. Pasta dura e compacta, granulosa e bastante porosa, de cor ocre acastañada. Os m.n.p. son abundantes, de tamaño

- medio en xeral e composición granítica. Presenta unha especie de engobe exterior ocre amarelento. Liña de fractura regular e borde anguloso.
10. Dim.: 6,45x7,55x2/0,7 cm. Diámetro exterior boca: 18-19 cm. Fragmento de borde e arranque de colo dunha ánfora bética, forma Beltrán IIb. Pasta blanda e compacta, de granulometría fina, fariñenta e non moi porosa, con fractura bicolor: alaranxado tenue no interior e ocre amarelento ó exterior. Os m.n.p. son visibles, de tamaño pequeno-medio en xeral e compostos principalmente por anacos de arxila roxa, xunto con algúns graníticos. No exterior quedan restos dun engobado oliváceo.

BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1970): «Los lares viales en la Galicia Romana.» *II Congreso Nacional de Arqueología*, Coimbra, pp. 353-357.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1976): «Excavaciones en el castro de «O Neixón». Campaña de 1973», *Noticiario Arqueológico Hispano, Prehistoria*, 5, pp. 327-330.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F./ FARIÑA BUSTO, F. (1989): «Proxecto de intervención arqueolóxica no conxunto monumental das Torres de Oeste en Catoira, Pontevedra», Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, Xunta de Galicia. Inédito.
- ALCORTA IRASTORZA, E.J. (1997): *Cerámica común romana de cocina y mesa de Lucus Augusti*. Tese de Doutoramento inédita.
- BALIL ILLANA, A. (1969-70): «Excavaciones en «Torres de Oeste» de Catoira (Pontevedra)». *Noticiario Arqueológico Hispano*, XIII-XIV, pp. 300-303.
- BALIL ILLANA, A. (1973): «Torres de Oeste. Catoira (Pontevedra)». *Noticiario Arqueológico Hispano, Arqueología*, 5, pp. 379-385.
- CAAMAÑO GESTO, J.M./ NAVEIRO LÓPEZ, J.L. (1992): «Aportaciones al estudio de la red viaria romana de la provincia de La Coruña», pp. 207-224. En: ACUÑA CASTROVIEJO, F. (coord.): *Finis Terrae. Estudios en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*. Univ. de Santiago.
- CHAMOSO LAMAS, M. (1951): «Excavaciones en Torres de Oeste (Catoira, Pontevedra)». *Cuaderno de Esdudios Gallegos*, XIX, pp. 283-285.
- De la PEÑA SANTOS, A. (1990-91): «Consideraciones sobre las vías romanas de la provincia de Pontevedra». *Castrelos*, III-IV, pp. 217-243.
- FERNÁNDEZ PINTOS, P. (1996): *A cerámica común en Torres de Oeste (Catoira). Campaña de 1989*. Trabajo de investigación inédito, Univ. de Santiago.
- FERNÁNDEZ PINTOS, P. (1997): *A influencia romana na ría de Arousa: a cerámica*. Memoria de Licenciatura inédita, Univ. de Santiago.
- LÓPEZ PÉREZ, C. (1996): *A cerámica de importación en Torres de Oeste (Catoira). Campaña de 1989*. Trabajo de investigación inédito. Univ. Santiago.
- MURGUÍA, M. (1906): *Historia de Galicia*, Tomo II. A Coruña, pp. 104-117.
- NAVEIRO LÓPEZ, J.L./ CAAMAÑO GESTO, J.M. (1992): «El depósito subacuático del río Ulla. El material romano». En: ACUÑA CASTROVIEJO, F. (coord.): *Finis Terrae. Estudios en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*. Univ. de Santiago, pp. 257-296.
- NAVEIRO LÓPEZ, J.L. (1985): *Las ánforas de Galicia en época romana*. Memoria de Licenciatura inédita. Univ. Santiago.
- NAVEIRO LÓPEZ, J.L. (1989): *Memoria de las excavaciones de Torres de Oeste (Catoira). Campaña 1989*. Inédita.
- NAVEIRO LÓPEZ, J.L. (1991): *El comercio antiguo en el Noroeste peninsular*. Monografías urxentes do Museu, nº 5. A Coruña.
- RODRÍGUEZ MARTÍNEZ-CONDE, R. (1981): *La transición morfoclimática en la cuenca del Ulla*. Univ. Santiago.
- RODRÍGUEZ Y RODRÍGUEZ, P. (1888): «Las Torres d'Oeste». *Galicia Diplomática*, III, 31, pp. 229-232.
- ROMERO MASIÁ, A./POSE MESURA, X.M. (1987): *Galicia en los textos clásicos*. Monografías urxentes do Museu, nº 3, A Coruña.
- TRANOY, A. (1981): *La Galice Romaine*, Publications du Centre Pierre Paris, 7, Paris.
- VILLARONGA GARCÍA, M. (1987): *Las Torres de Oeste (Catoira)*. Presentado ó II Premio Fermín Bouza Brey de Investigación Histórica y Arqueológica.




FIGURA 1. Cerámica indíxena (1 a 3) e común romana (4).




FIGURA 2. Cerámica común (5), sigillata (6, 7), cerámica bracarense (8) e ánforas (9 e 10).